

## **36103 Estatística tributaria autonómica**

### **METODOLOXÍA**

#### **1. Obxectivo**

A estatística tributaria autonómica é unha operación estatística de carácter oficial e periodicidade anual, que ten como obxectivo recompilar, sintetizar e difundir os aspectos máis importantes que caracterizan os ingresos de natureza tributaria da comunidade autónoma.

Esta operación estatística, responsabilidade da Consellería de Facenda e elaborada polo Servizo de Estudos e Estatísticas en coordinación coa Dirección Xeral de Tributos, trata de caracterizar a composición, volume e evolución dos ingresos por conceptos tributarios que obtén a facenda autonómica nun período de tempo dun ano.

#### **2. Marco normativo**

Os recursos tributarios das comunidades autónomas enmárcanse dende o punto de vista normativo no observado na **Constitución española**, que no seu artigo 156, número 1 establece "As comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias acorde cos principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois".

Ademais sinálase, no número 2, que "as comunidades autónomas poderán actuar como delegados ou colaboradores do Estado na recadación, xestión e liquidación dos recursos tributarios daquel, de acordo coas leis e os estatutos".

O artigo 157, número 1, engade "Os recursos das comunidades autónomas estarán constituídos por:

- a) Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado; recargas sobre impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado.
- b) Os seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.
- c) Transferencias dun Fondo de Compensación interterritorial e outras asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- d) Rendementos procedentes do seu patrimonio e ingresos de dereito privado.
- e) O produto das operacións de crédito."

Este artigo establece o marco xeral do sistema de financiamento das comunidades autónomas, o cal se desenvolveu, en virtude do previsto no seu número 3, mediante a **Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA)**.

De acordo co mencionado artigo 157, a LOFCA sinala que os ingresos de natureza tributaria das comunidades autónomas estarán formados por:

- a) Os seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.
- b) Os tributos cedidos, total ou parcialmente, polo Estado.
- c) As recargas que puideran establecerse sobre os tributos do Estado.

En canto aos **tributos propios**, o artigo 6 da LOFCA indica que "As comunidades autónomas poderán establecer e esixir os seus propios tributos de acordo coa Constitución e as leis", coa limitación de non recaer sobre feitos impositivos gravados polo Estado ou por tributos locais.

No artigo 9 régúlese o establecemento de **impostos** por parte das comunidades autónomas acorde cos seguintes principios:

- a) Non poderán suxeitarse elementos patrimoniais situados, rendementos orixinados nin gastos realizados fóra do territorio da respectiva comunidade autónoma.
- b) Non poderán gravarse, como tales, negocios, actos ou feitos celebrados ou realizados fóra do territorio da comunidade impositora, nin a transmisión ou exercicio de bens, dereitos e obrigas que non nacesen nin tivesen que cumprirse no devandito territorio ou cuxo adquirente non resida no mesmo.
- c) Non poderán supoñer obstáculo para a libre circulación de persoas, mercadorías e servizos capitais nin afectar de xeito efectivo a fixación de residencia das persoas ou a situación de empresas e capitais dentro do territorio español, de acordo co establecido no artigo 2.1.a, nin comportar cargas trasladables a outras comunidades.

No artigo 7 da LOFCA régúlese o establecemento de **taxas** pola utilización do seu dominio público, prestación de servizos públicos ou a realización de actividades en réxime de Dereito público da súa competencia, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular os suxeitos pasivos sempre que:

- a) non sexan de solicitude voluntaria para os administrados.
- b) non se presten ou realicen polo sector privado.

Ademais existe o límite de que o rendimento previsto para cada taxa pola prestación de servizos ou realización de actividades non poderá superar o custo dos mesmos.

O establecemento de **contribucións especiais** régúlese no artigo 8 da LOFCA que indica "As comunidades autónomas poderán establecer contribucións especiais pola obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento do valor dos seus bens como consecuencia da realización por estas de obras públicas ou do establecemento ou ampliación á súa custa de servizos públicos", co límite de que a recadación non poderá superar o custo das mesmas.

En canto aos **tributos cedidos polo Estado**, o artigo 10 define e regula a cesión, mentres que o artigo 11 enumera os tributos estatais susceptibles de cesión.

A LOFCA, que constitúe o texto legal do réxime xurídico xeral do sistema de financiamento das comunidades autónomas, experimentou distintas modificacións, como as recollidas na Lei Orgánica 3/1996, para dar cabida á materialización do principio de corresponsabilidade fiscal, ampliando o ámbito de cesión dos tributos do Estado ás comunidades autónomas, e atribuindo a estas certas competencias normativas en relación aos tributos cedidos.

O marco de financiamento das comunidades autónomas vixente na actualidade, que amplía o principio de corresponsabilidade fiscal, queda determinado pola **Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980** e a **Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía**.

A ampliación do principio de corresponsabilidade fiscal efectiva, acordada polo Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, ten lugar por dous camiños:

- a) Abrindo a posibilidade de ceder ás comunidades autónomas novos tributos estatais.
- b) Abrindo tamén a posibilidade de atribuír ás comunidades autónomas novas competencias normativas nos tributos cuxa cesión xa é efectiva, así como a posible asunción de competencias normativas en certos tributos que poderán ser obxecto de cesión.

Respecto aos **tributos susceptibles de ser cedidos ás comunidades autónomas** neste novo marco de financiamento, no artigo 11 da LOFCA mantense a susceptibilidade de cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre o patrimonio, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, do imposto sobre sucesións e doazóns e dos tributos sobre o xogo.

Como novidades aparecen, dun lado, a posibilidade de ceder o imposto sobre o valor engadido con carácter parcial co límite máximo do 35%; doutro, a posibilidade de ceder os impostos especiais de fabricación -con excepción do que recae sobre a electricidade-, tamén con carácter parcial e tamén cun límite máximo do 40%, e, por último, a posibilidade de ceder tanto o imposto sobre a electricidade coma o imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

A atribución de **novas competencias normativas** sobre elementos esenciais dos tributos cedidos estará establecida na lei que regule a cesión.

Os tributos cedidos á comunidade autónoma de Galicia aparecen regulados na disposición adicional primeira, número 1, do **Estatuto de autonomía de Galicia**, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, modificándose a súa redacción por medio da **Lei 18/2002, de 1 de xullo, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á comunidade autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión**, co obxecto de adecuar o contido desta ao novo réxime xeral de tributos cedidos recollido na Lei 21/2001, do 27 de decembro.

Deste xeito, ademais de establecerse a atribución de competencias normativas, especificase: "Cédese á comunidade autónoma de Galicia o rendemento dos seguintes tributos":

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, co límite do 33%.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre sucesións y doazóns.
- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- e) Tributos sobre o xogo.
- f) Imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, co límite do 35%.
- g) Imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, co límite do 40%.

- h) Imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, co límite do 40%.
- i) Imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, co límite do 40%.
- j) Imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, co límite do 40%.
- k) Imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, co límite do 40%.
- l) Imposto especial sobre as labores do tabaco, con carácter parcial, co límite do 40%.
- m) Imposto especial sobre la electricidade.
- n) Imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- o) Imposto sobre as vendas Retallistas de determinados hidrocarburos.

Cabe mencionar que cada comunidade autónoma percibe entregas a conta da liquidación definitiva do valor anual correspondente a cada tributo coñecidas nun momento posterior.

Finalmente, as **recargas sobre tributos estatais** só poderán establecerse sobre aqueles tributos cedidos sobre os que as comunidades autónomas teñen competencias normativas en materia de tipos.

### **3. Ámbito de investigación**

#### **Información de base**

A información de base procede dos datos rexistrados sistema de contabilidade da Xunta de Galicia<sup>1</sup> (XUMCO2<sup>2</sup>), que integra a contabilidade financeira rexida polo Plan xeral de contabilidade pública de Galicia<sup>3</sup> e a Contabilidade orzamentaria que sigue as instrucións das Leis de orzamentos xerais de Galicia.

O Organismo que facilita a información é a Intervención xeral da comunidade autónoma, que como centro directivo da contabilidade pública, é o organismo encargado da concesión de autorizacións para o uso e explotación dos datos do sistema de información contable<sup>4</sup>.

O Centro informático para a xestión tributaria, económica-financieira e contable (CIXTEC) é o organismo encargado do mantemento do sistema de contabilidade da Xunta de Galicia (XUMCO2).

#### **Ámbito de estudo**

O ámbito de estudo establécese na Administración xeral da Xunta de Galicia e ou seus organismos autónomos integrados no sistema XUMCO2 a partir de 2002 tal e como se recolle na Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Ver anexo 1.

#### **Unidades de información**

As unidades de información empregadas son os estados de ingresos tributarios, estruturados acorde coa clasificación económica de ingresos de conformidade co artigo 49 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas instrucións anuais de elaboración dos orzamentos. Ver anexo 2.

---

1 Orde do 1 de decembro de 1989 pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia.

2 Xestión Unificada e Mecanizada da Contabilidade: sistema de información orzamentaria, contable e de tesourería da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos

3 Orde do 28 de novembro de 2001 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

## **4. Definicións**

### **Tributos**

Os tributos son ingresos públicos de Dereito público que consisten en prestacións pecuniarias obrigatorias, impostas unilateralmente, esixidas por unha Administración pública como consecuencia da realización do feito impositivo ao que a Lei vincula o deber de contribuír. O seu fin primordial é o de obter os ingresos necesarios para o sostemento do gasto público, sen prexuízo da súa posible vinculación a outros fins. Clasifícanse en impostos, taxas e contribucións especiais.

### **Impostos**

Tributos esixidos sen contraprestación directa ou determinada, nos que o feito impositivo está constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica que poñen de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio, a circulación de bens ou a adquisición ou gasto da renda. Acorde á súa natureza económica, os impostos clasifícanse en:

1. Impostos directos: gravan manifestacións directas da capacidade económica do contribuínte, como a obtención de renda ou a titularidade de bens ou dereitos.
2. Impostos indirectos: gravan manifestacións indirectas da capacidade económica do contribuínte como a produción, o consumo ou as transaccións que se realicen con eles.

### **Taxas**

Tributos cuxo feito impositivo consiste na utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ao obrigado tributario, cando os servizos ou actividades non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou non se presten ou realicen polo sector privado.

### **Contribucións especiais**

Tributos nos que o feito impositivo consiste na obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou incremento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos.

### **Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)**

Imposto directo de titularidade estatal cedido parcialmente ás comunidades autónomas, co límite máximo do 33%. Grava, segundo os principios de igualdade, xeneralidade e progresividade, a renda das persoas físicas acorde coas circunstancias persoais e familiares. A normativa aplicable ao imposto é a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o seu correspondente regulamento, aprobado polo Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo. A pesar de que a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión é realizada polo Estado, as comunidades autónomas teñen competencias normativas sobre as tarifas correspondentes á tarifa autonómica e ás deducións que recaían exclusivamente sobre esta parte.

### **Tarifa autonómica sobre o IRPF**

Desdoblamento da tarifa de tributación do IRPF nunha tarifa complementaria á xeral, que é cedida á comunidade autónoma. No sistema actual é do 33%.

### **Imposto sobre o valor engadido (IVE)**

Tributo indirecto creado en 1986 que recae sobre o consumo e grava:

- a) As entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas por empresarios ou profesionais.
- b) As adquisicións intracomunitarias de bens.
- c) As importacións de bens.

o IVE é un imposto harmonizado na Unión Europea de forma que a lexislación de cada estado membro debe adaptarse ás normas comunitarias que se ditan nesta materia. A normativa reguladora no ámbito comunitario é a Directiva 2006/112/CE del Consejo, do 28 de novembro de 2006, mentres que no estado español é a Lei 37/1992, do Imposto sobre o valor engadido, e o Regulamento do imposto aprobado por Real Decreto 1624/1992.

Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 35%, aínda que o Estado se reserva todas as competencias sobre el.

### **Impostos especiais**

Conxunto de impostos de natureza indirecta que recaen sobre consumos específicos que gravan, en fase única, a fabricación, importación e, se é o caso, introdución no ámbito territorial interno de determinados bens, así como a matriculación de determinados medios de transporte.

No ámbito da Unión Europea, determinados impostos especiais son impostos harmonizados, accisas na terminoloxía comunitaria, onde se sinala que deben existir coa mesma estrutura impostos especiais que graven o consumo de alcohol e bebidas alcohólicas, produtos enerxéticos, electricidade e labores do tabaco, o que deu lugar ao axuste dos ordeamentos destes nos estados membros.

Tamén poden manterse ou introducir en calquera momento, outros impostos especiais distintos dos sinalados, coa condición de que non dean lugar a controis de ningunha clase nos intercambios comunitarios de produtos obxecto destes.

Ademais da súa capacidade recadatoria, destaca a súa finalidade extrafiscal como instrumentos das políticas sanitaria, enerxética ou de medio. Comprenden os impostos sobre a fabricación (alcohol e bebidas derivadas, cervexa, elaborados do tabaco, hidrocarburos, produtos intermedios e sobre a electricidade), e sobre determinados medios de transporte. Están regulados na Lei 38/1992, de 28 de decembro e o Real Decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

### **Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas**

Imposto especial de fabricación que grava produtos de grao alcohólico superior ao que se fixe. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 40%, aínda que o Estado resérvase todas as competencias sobre el.

### **Imposto sobre a cervexa**

Imposto especial de fabricación que grava a cervexa e os produtos constituídos por mesturas de cervexas con determinadas bebidas analcohólicas. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 40%, aínda que o Estado se reserva todas as competencias sobre el.

### **Imposto sobre elaborados de tabaco**

Imposto especial de fabricación que grava os cigarros e demais tabacos para fumar. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 40%, aínda que o Estado se reserva todas as competencias sobre el.

### **Imposto sobre hidrocarburos**

Imposto especial de fabricación que grava os hidrocarburos (gasolinas, gasóleos, fuelóleos, GLP, metano, queroseno...). Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 40%, aínda que o Estado se reserva todas ás competencias sobre el.

### **Imposto sobre determinados medios de transporte**

Imposto especial que grava a primeira matriculación definitiva de vehículos, novos ou usados, provistos de motor para a súa propulsión, coa excepción daqueles afectados a unha actividade económica, e que dende o un de xaneiro de 2008 establécese en catro tramos en función das emisións de dióxido de carbono á atmosfera. Trátase dun imposto cedido á comunidade autónoma de Galicia coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común. Aínda que na actualidade téñense competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos, son exercidas provisionalmente polo Estado.

### **Imposto sobre produtos intermedios**

Imposto especial de fabricación que grava determinados produtos de gradación alcohólica comprendida entre 1,2% e 22%, que non son gravados polos impostos sobre a cervexa ou sobre o viño e bebidas fermentadas. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 40%, aínda que o Estado se reserva todas as competencias sobre el.

### **Imposto sobre a electricidade**

Imposto especial que grava a enerxía eléctrica. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido na totalidade do seu rendemento á comunidade, e o Estado resérvase todas as competencias sobre el.

### **Imposto retalista de hidrocarburos**

Imposto especial de fabricación que grava a gasolina, gasóleo, fuelóleo y queroseno. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común este imposto pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 40%. Aínda que na actualidade téñense competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos, son exercidas provisionalmente polo Estado.

### **Imposto sobre sucesións e doazóns**

Imposto directo cedido polo Estado que grava os incrementos de patrimonio obtido a título lucrativo polas persoas físicas. Atópase regulado pola Lei 29/1987, do 28 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns e polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba ou regulamento déaste imposto. Na actualidade as comunidades autónomas teñen competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

### **Imposto sobre o patrimonio**

Imposto directo de titularidade estatal creado pola Lei 19/1991, do 6 de xuño, que grava o patrimonio neto do que fosen titulares as persoas físicas a 31 de decembro de cada ano, entendéndose por este o conxunto de bens e dereitos do que sexa titular, con dedución de cargas, gravames, débedas e outras obrigas persoais das que deba responder o suxeito pasivo. Cedido ás comunidades autónomas pola Lei 21/2001, o Imposto sobre o patrimonio foi suprimido de feito con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2008 pola Lei 4/2008, que, sen eliminar o imposto, estableceu unha bonificación xeral do cen por cento da cota, suprimindo a obriga de presentar a declaración.

### **Impostos sobre transmisións patrimoniais**

Imposto indirecto que constitúe unha modalidade do imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados que grava:

- a) As transmisións onerosas por actos intervivos de toda clase de bens e dereitos que integren o patrimonio das persoas físicas ou xurídicas.
- b) A constitución de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, pensións e concesións administrativas.

É un imposto de titularidade estatal cedido ás comunidades autónomas e regulado no Real Decreto Legislativo 1/1993, de 24 de setembro e no Real Decreto 828/1995, do 29 de maio, no que actualmente se teñen competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

### **Impostos sobre actos xurídicos documentados**

Imposto indirecto constituído como modalidade do Imposto de transmisións patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados que grava os documentos notariais, mercantís e administrativos. O imposto satisfaise mediante cotas variables ou fixas, dependendo de que o documento que se formalice, outorgue ou expida, teña ou non por obxecto cantidade ou cousa valuable nalgún momento da súa vixencia. Regulado no Real Decreto Legislativo 1/1993, de 24 de setembro e o Real Decreto 828/1995, do 29 de maio, é un imposto de titularidade estatal cedido ás comunidades autónomas, no que na actualidade teñen competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais da capacidade normativa sobre determinados aspectos.

### **Taxas sobre o xogo**

Tributo cedido que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar, ou de rifas, tómbolas e combinacións aleatorias, e no que na actualidade se teñen competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais da capacidade normativa sobre determinados aspectos.

### **Impostos sobre o xogo do bingo**

Tributo indirecto propio de da comunidade autónoma de Galicia creado pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, que grava a participación no xogo do bingo nos locais autorizados. O seu feito imponible está constituído pola participación no xogo do bingo nos locais autorizados.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que adquiren os cartóns para participar na partida de bingo. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte as persoas ou entidades titulares de autorizacións administrativas para explotar o xogo e, de ser o caso, as sociedades de servizos que teñan ao seu cargo a xestión deste.

### **Imposto sobre a contaminación atmosférica**

Tributo propio creado pola comunidade autónoma de Galicia mediante a Lei 12/1995, do 29 de decembro que grava a emisión á atmosfera de compostos osixenados de xofre ou de nitróxeno. O feito impoñible presúmese realizado mentres as instalacións emisoras non cesen na súa actividade e tal circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración. O suxeito pasivo e contribuínte serán as persoas ou entidades titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes gravadas.

### **Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada**

Tributo propio creado pola comunidade autónoma de Galicia mediante a Lei 15/2008, do 19 de decembro co obxecto de preservar o patrimonio fluvial de Galicia. O seu feito impoñible está constituído pola realización de actividades industriais mediante o uso ou aproveitamento da auga encorada, cando o devandito uso ou aproveitamento altere ou modifique substancialmente os valores naturais dos ríos e, en especial, o caudal e a velocidade da auga na súa canle natural. Quedan excluídas as actividades de abastecemento de poboacións, actividades agrarias, acuicultura, actividades recreativas, navegación e transporte acuático. O gravame establécese a partir da capacidade volumétrica do encoro, magnitude obxectiva directamente relacionadas co impacto medioambiental ocasionado. A súa entrada en vigor establécese en data do 1 de xaneiro de 2009.

### **Canon eólico**

Tributo propio creado pola comunidade autónoma de Galicia mediante a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Trátase dunha prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, que con carácter compensatorio, trata de regular e contribuír preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido. O feito impoñible é a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da comunidade autónoma de Galicia. A cota tributaria establécese como un importe fixo por aeroxerador establecido por tramos en función do número de aeroxeradores instalados, estando exenta en número de 1 a 3. Tamén considera bonificacións pola redución do número de aeroxeradores derivados dun aumento da eficiencia dos mesmos que non constituía un salto de tramo. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, deben ser destinados á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes. A súa entrada en vigor establécese en data do 1 de xaneiro de 2010.

### **Taxas administrativas**

Tributos cuxo feito impoñible consiste na utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ao obrigado tributario, cando os servizos ou actividades non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou non se presten ou realicen polo sector privado. Na clasificación económica dos orzamentos de ingresos distínguese as taxas por servizos administrativos, taxas por servizos profesionais, taxas pola venda de bens, e taxas pola utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial dos espazo ou bens públicos.

### **Canon de saneamento**

Figura tributaria propia, creada con carácter de ingreso de dereito público pola Lei 8/1993, do 23 de xuño que regula la administración hidráulica de Galicia, que grava a produción de verteduras de augas e de produtos residuais realizados directa ou indirectamente. Enténdese en todo caso realizado o feito impositivo polo consumo ou pola utilización potencial ou real da auga de calquera procedencia. O seu rendemento destínase integramente ao financiamento de gastos de investimento e de explotación de infraestruturas, de evacuación en alta e de tratamento de augas residuais, de acordo coa programación aprobada polo Consello da Xunta de Galicia. A xestión do mesmo é realizada polo Organismo Autónoma Augas de Galicia.

## **5. Variables analizadas**

O estudo dos ingresos tributarios da Administración Xeral de Xunta de Galicia e os seus Organismo Autónomos abórdase mediante o análise das seguintes variables para cada un dos conceptos tributarios que compoñen o orzamento de ingresos, para cada Organismo Autónomos ou Administración Xeral e para caixa de recadación:

### **Orzamento inicial**

Trátase da previsión inicial de ingresos e autorización de gastos que se prevén acometer durante o exercicio económico recollidos no orzamento aprobado polo Parlamento de Galicia.

### **Dereitos recoñecidos netos**

Recursos recoñecidos no exercicio esixibles a favor da Xunta de Galicia e dos seus Organismos Autónomos, unha vez deducidas as anulacións e devolucións practicadas.

### **Recadación líquida**

Obtida mediante a agregación de:

- Recadación líquida exercicio corrente: medida de natureza contable que recolle a diferenza entre a recadación bruta aplicada e as devolucións, entendendo por recadación a realización dos dereitos que constitúen o haber da Xunta de Galicia e dos seus Organismos Autónomos; neste proceso a tesouraría da comunidade fai líquido e ingresa nas súas caixas un determinado importe.
- Recadación de exercicios anteriores: realización de dereitos recoñecidos en orzamentos anteriores.

## **6. Procedemento de cálculo**

O sistema XUMCO2 baséase nunha base de datos SQL Server que incorpora linguaxe de programación de cuarta xeración Lion (Delphi), cuxa principal característica é que é un centro de información único (base de datos única), mantendo a integridade da información e coherencia nos distintos niveis de agregación, baseada en regras homoxéneas tanto para xestores como interventores. Por outra banda a xestión da mesma é descentralizada, posto que a pre-contabilización, rexistro e contabilización de documentos contables, e o ordenamento e pagamento está vinculado as caixas de cada entidade.

O acceso á información sobre a execución do orzamento realízase a través do denominado Cliente CIXTEC, aplicación encargada da autenticación mediante certificado dixital do usuario ou contrasinal e proporcionar acceso a distintas aplicacións en función do tipo de usuario, soporte de intercambio de datos co equipo central e de xestión de impresión, de informes e de arquivos.

Unha vez obtido o acceso a base de datos multidimensional da execución do orzamento de ingresos, analízase o **importe inicial** das previsións de ingresos orzamentarios e o **importe acumulado** no período de referencia dos dereitos recoñecidos netos, da recadación líquida do exercicio corrente e da recadación líquida practicada correspondente a exercicios anteriores.

Toda esta información obtense clasificada en primeiro lugar por **capítulos orzamentarios**.

Nunha primeira delimitación do importe dos ingresos de natureza tributaria, é preciso sinalar que a totalidade do capítulo I: Impostos directos e capítulo II: Impostos indirectos son ingresos tributarios, pero non sucede o mesmo co Capítulo III: Taxas, prezos e outros ingresos, onde coexisten ingresos de natureza xurídica tributaria, con outros de natureza non tributaria. Para a determinación dos recursos tributarios pártese dun análise das variables de estudo distribuídas por **conceptos e subconceptos orzamentarios**, o que permite delimitar os ingresos de natureza tributaria aos seguintes:

#### Clasificación dos ingresos tributarios

Ingresos tributarios
<b>11 Impostos directos</b>
110 Sobre a renda
<b>1100 Tarifa autonómica sobre o irpf</b>
111 Sobre o capital
<b>1110 Imposto sobre sucesións e doazóns</b>
<b>1111 Imposto sobre o patrimonio</b>
<b>12 Impostos indirectos</b>
120 Sobre transmisións patrimoniais e A.X.D.
<b>1200 Sobre transmisións inter vivos</b>
<b>1201 Sobre actos xurídicos documentados</b>
121 Imposto sobre o valor engadido
<b>1210 IVA</b>
122 Impostos sobre consumos específicos
<b>1220 Impostos especiais</b>
12200 Imposto s/ o alcohol e bebidas derivadas
12201 Imposto sobre a cervexa
12203 Imposto sobre elaborados de tabaco
12204 Imposto sobre hidrocarburos
12205 imp. s/ determinados medios de transporte
12206 Imposto sobre produtos intermedios
12207 Imposto sobre a electricidade
<b>1221 Imposto retalista de hidrocarburos</b>
12210 Imposto retallista de hidrocar. (estatal)
12211 Imposto retallista de hidrocar. (autonóm.)
129 Tributos propios da Comunidade Autónoma
<b>1290 Tributación autonómica sobre o xogo</b>
<b>1291 Imposto sobre a contaminación atmosférica</b>
<b>1292 Imposto sobre o dano ambiental auga encorada.</b>
<b>1293 Canon eólico</b>
<b>13 Taxas, e outros ingresos tributarios</b>
130 Taxas administrativas
132 Outras taxas
<b>1320 Taxas sobre o xogo</b>
139 Outros ingresos
<b>1390 Canon de saneamento</b>

Esta análise dos ingresos tributarios permite unha clasificación dos mesmos segundo **titularidade e xestión**, distinguindo os tributos cedidos e xestionados polo estado, os tributos cedidos e xestionados pola comunidade autónoma de Galicia, e os seus tributos propios.

### Clasificación dos ingresos tributarios cedidos e xestionados polo estado

Tributos cedidos e xestionados polo Estado
<b>11 Impostos directos</b>
110 Sobre a renda
1100 Tarifa autonómica sobre o irpf
<b>12 Impostos indirectos</b>
121 Imposto sobre o valor engadido
1210 IVA
122 Impostos sobre consumos específicos
1220 Impostos especiais
12200 Imposto s/ o alcohol e bebidas derivadas
12201 Imposto sobre a cervexa
12203 Imposto sobre elaborados de tabaco
12204 Imposto sobre hidrocarburos
12205 imp.s/ determinados medios de transporte
12206 Imposto sobre produtos intermedios
12207 Imposto sobre a electricidade
1221 Imposto retalista de hidrocarburos
12210 Imposto retailist de hidrocar. (estatal)
12211 Imposto retailista de hidroc. (autonóm.)

### Clasificación dos ingresos tributarios cedidos e xestionados pola comunidade autónoma de Galicia

Tributos cedidos e xestionados pola Comunidade Autónoma
<b>11 Impostos directos</b>
111 Sobre o capital
1110 Imposto sobre sucesións e doazóns
1111 Imposto sobre o patrimonio
<b>12 Impostos indirectos</b>
120 Sobre transmisións patrimoniais e A.X.D.
1200 Sobre transmisións inter vivos
1201 Sobre actos xurídicos documentados
<b>13 Taxas, e outros ingresos tributarios</b>
132 Outras taxas
1320 Taxas sobre o xogo

### Clasificación dos ingresos tributarios propios

Tributos propios
<b>12 Impostos indirectos</b>
129 Tributos propios da Comunidade Autónoma
1290 Tributación autonómica sobre o xogo
1291 Imposto sobre a contaminación atmosférica
1292 Imposto sobre o dano ambiental auga encorada.
1293 Canon eólico
<b>13 Taxas, e outros ingresos tributarios</b>
130 Taxas administrativas
139 Outros ingresos
1390 Canon de saneamento

O análise dos ingresos tributarios complétase diferenciando a información obtida segundo a **Administración Xeral da Xunta de Galicia e os seus Organismos Autónomos** por separado.

Ademais, obtense toda a información anterior clasificada segundo **caixas (tesourerías ou delegacións)**. As figuras tributarias cedidas e xestionadas polo Estado correspóndense integramente co Director xeral do tesouro, mentres que a desagregación por caixas está dispoñible para as figuras cedidas de xestión propia e as figuras tributarias propias da Administración Xeral da Xunta de Galicia, mentres que a recadación dos Organismos Autónomos figura en servizos centrais.

É preciso salientar que como a asignación dos contribuíntes por caixas depende do domicilio fiscal nos impostos directos, a magnitude recadatoria dunha caixa non representa necesariamente a magnitude fiscal do seu territorio. Tampouco a variación anual dos ingresos tributarios xestionados por unha caixa é indicativa do dinamismo fiscal ou recadatorio do territorio senón que amosa a organización administrativa da comunidade.

Poñendo en relación os Dereitos recoñecidos netos do exercicio corrente sobre o Orzamento inicial (índice de execución do orzamento inicial de ingresos) e a Recadación líquida do exercicio corrente sobre os Dereitos recoñecidos netos do exercicio corrente (índice de execución ou realización de cobros) obtéñense uns **indicadores básicos da execución do orzamento de ingresos tributarios**, que tamén se obteñen para todas as variables de clasificación mencionadas.

Toda esta información complétase cos **datos do ano anterior** e o **cálculo de taxas de variación (ou diferenza de porcentaxes segundo o caso)** sobre o mesmo período do ano anterior, que facilitan a comparativa temporal.

## 7. Difusión dos resultados

A difusión dos resultados realízase anualmente a través da páxina Web da Consellería de Facenda<sup>5</sup> segundo calendario de publicación previamente aprobado a través do correspondente Programa Estatístico Anual.

O contido da publicación estrutúrase en seis bloques, tres dos cales corresponde á presentación dos datos.

Despois dunha breve nota metodolóxica, a publicación dos datos, que teñen o carácter de definitivos, estrutúrase en tres bloques:

Nunha primeira parte proporciónanse os resultados da recadación líquida dos recursos tributarios segundo o criterio de caixa, diferenciando a recadación líquida do exercicio corrente e a correspondente a exercicios anteriores. Esta información se clasifica en:

1. Distribución por capítulo orzamentario
2. Distribución por concepto tributario
3. Distribución por titularidade e xestión
  - a. Figuras tributarias cedidas e xestionadas polo estado
  - b. Figuras tributarias cedidas e xestionadas pola comunidade autónoma
  - c. Figuras tributarias propias
4. Distribución por OOAA
5. Distribución por caixas

Un segundo bloque proporciona a información dos dereitos recoñecidos netos correspondente ao exercicio corrente, que se clasifica do mesmo xeito co bloque anterior.

O terceiro bloque engade á información xa proporcionada, datos do orzamento inicial e elabora indicadores básicos de execución do orzamento corrente, que se clasifican igual cos bloque anteriores coa excepción de capítulos orzamentarios de ingresos.

A publicación engade un glosario das definicións e comentarios sobre os conceptos empregados, e un anexo coa clasificación económica do orzamento de ingresos.

---

<sup>5</sup> [www.conselleriadefacenda.es](http://www.conselleriadefacenda.es)

## Anexo 1: Administración Xeral da Xunta de Galicia e os seus Organismos Autónomos

### Organización da Xunta de Galicia: Administración Xeral e Organismos Autónomos

Administración Xeral e OAAA	
Xunta de Galicia	Academia Galega de Seguridade Pública
	Augas de Galicia
	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
	Axencia Galega das Industrias Culturais
	Escola Galega de Administración Pública
	Fondo Galego de Garantía Agraria
	Instituto Galego da Vivenda e Solo
	Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (*)
	Instituto Galego de Consumo
	Instituto Galego de Estatística
	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
	Servizo Galego de Promoción da Igualdade
	Servizo Galego de Saúde
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	

(\*) Organismo autónomo disolto en 2008

## Anexo 2: Orzamento de Ingresos. Clasificación económica

CAPÍTULO I.-IMPOSTOS DIRECTOS	
1	Impostos directos.
10	Sobre a renda.
100	Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas.
00	Entregas a conta.
01	Liquidación exercicios anteriores.
11	Sobre o capital.
110	Imposto sobre sucesións e doazóns.
111	Imposto sobre o patrimonio.
CAPÍTULO II.-IMPOSTOS INDIRECTOS	
2	Impostos indirectos.
20	Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados.
200	Sobre transmisións inter vivos.
201	Sobre actos xurídicos documentados.
21	Sobre o valor engadido.
210	Imposto sobre o valor engadido.
00	Entregas a conta exercicio corrente
01	Liquidación exercicios anteriores
22	Sobre consumos específicos.
220	Impostos especiais.
220.0	Sobre o alcohol e bebidas derivadas. Entregas a conta.
220.1	Sobre a cervexa. Entregas a conta.
220.3	Sobre elaborados de tabaco. Entregas a conta.
220.4	Sobre hidrocarburos. Entregas a conta.
220.5	Sobre determinados medios de transporte.
220.6	Sobre produtos intermedios. Entregas a conta.
220.7	Sobre a electricidade. Entregas a conta.
220.8	Liquidación exercicios anteriores.
221	Imposto retailista sobre hidrocarburos.
221.0	Imposto retailista hidrocarburos (estatal).
221.1	Imposto retailista hidrocarburos (autonómico).
29	Tributos propios da comunidade autónoma.
290	Imposto sobre o bingo.
291	Imposto sobre a contaminación atmosférica.
292	Imposto sobre o dano ambiental auga encorada.
CAPÍTULO III.-TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS	
3	Taxas, prezos e outros ingresos.
30	Taxas administrativas.
301	Taxas por servizos administrativos.
01	Inscrición de convocatorias para selección de persoal. Consellería de Facenda.
02	Inscrición de convocatorias para selección de persoal. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
03	Inscrición de convocatorias para selección de persoal. Resto de consellerías.
04	Outras taxas por servizos administrativos.
302	Taxas por servizos profesionais.
01	Modalidade administrativo-facultativa.
02	Modalidade actuacións profesionais.
303	Taxas por venda de bens.
01	Venda ou subscrición do DOG.
02	Outras taxas por venda de bens.
304	Outras taxas.
31	Prezos.
311	Prezos públicos.
312	Prezos privados.
01	Programa TIVE.
02	Carné xove.
03	Outros prezos privados.
32	Outras taxas.
320	Taxas sobre o xogo.
01	Bingo.
02	Rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias.
03	Máquinas recreativas.
04	Casinos.
36	Prestacións de servizos sanitarios.
363	Debedores varios e particulares.
364	Debedores de accidentes de tráfico.
365	Debedores mutuas patronais de accidentes de traballo.
366	Convenio Muface.
367	Convenio Isfas.
368	Convenio Mugeju.
369	Convenio institucións penais.
37	Ingresos por ensaios clínicos.
38	Reintegros por operacións correntes.
380	De exercicios pechados.
381	De orzamento corrente.
39	Outros ingresos.
390	Canon de saneamento.
391	Recargas e multas.
01	Xuros de demora.
02	Recarga de constrinximento.
99	Outras recargas.
392	Sancións impostas polas consellerías.
393	Diferenzas de cambio.
399	Ingresos diversos.
00	Compensación de funcionarios públicos de entes e corporacións de dereito público.
01	Recursos eventuais.
03	Xestión de declaracións de porte.
04	Xestión recadadora executiva a outros entes.
99	Outros ingresos diversos.
CAPÍTULO IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES	
4	Transferencias correntes.
40	Da Administración xeral do Estado e organismos públicos do Estado.
400	Participación no sistema de financiamento.
00	Fondo de suficiencia. Entregas a conta.
01	Liquidación exercicios anteriores.
401	Da Seguridade Social.
00	Do ISM (servizos sociais).
01	Do ISM (Servizo Galego de Saúde).
402	De organismos autónomos do Estado.
403	De empresas públicas e outros entes públicos do Estado.
404	Subvencións finalistas da Administración xeral.
405	Participación das corporacións locais nos tributos do Estado.
00	Concellos. Participación ano en curso.
01	Concellos. Liquidación de exercicios anteriores.
02	Deputacións. Participación ano en curso.

<p>03 Deputacións. Liquidación de exercicios anteriores.</p> <p>409 Custo novas transferencias da Administración do Estado.</p> <p>41 Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>43 De organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>430 De organismos autónomos administrativos.</p> <p>431 De organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.</p> <p>432 Axencias públicas.</p> <p>44 De sociedades públicas e outros entes públicos da comunidade autónoma.</p> <p>440 De entes de dereito público.</p> <p>441 De sociedades mercantís.</p> <p>442 De consorcios participados maioritariamente pola comunidade autónoma.</p> <p>443 De fundacións públicas.</p> <p>444 De universidades públicas da comunidade autónoma.</p> <p>445 Doutras entes públicos da comunidade autónoma.</p> <p>45 De comunidades autónomas.</p> <p>46 De corporacións locais.</p> <p>460 De concellos.</p> <p>461 De deputacións.</p> <p>469 Doutras entes locais.</p> <p>47 De empresas privadas.</p> <p>48 De familias e institucións sen fins de lucro.</p> <p>480 De familias.</p> <p>481 De institucións sen fin de lucro.</p> <p>49 Do exterior.</p> <p><b>CAPÍTULO V.-INGRESOS PATRIMONIAIS</b></p> <p>5 Ingresos patrimoniais.</p> <p>50 Xuros de títulos e valores.</p> <p>51 Xuros de anticipos e préstamos concedidos.</p> <p>52 Xuros de depósitos.</p> <p>520 Xuros de contas bancarias.</p> <p>00 De contas correntes.</p> <p>99 Outros xuros bancarios.</p> <p>53 Dividendos e participacións en beneficios.</p> <p>533 De organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.</p> <p>534 De empresas públicas e outros entes públicos.</p> <p>537 De empresas privadas.</p> <p>54 Rendas de bens inmobles.</p> <p>540 Alugamento e produtos de inmobles.</p> <p>541 Alugamento de predios rústicos.</p> <p>544 Outras rendas.</p> <p>55 Produtos de concesións e aproveitamentos especiais.</p> <p>550 De concesións administrativas.</p> <p>551 Aproveitamentos agrícolas e forestais.</p> <p>559 Outras concesións e aproveitamentos.</p> <p>57 Resultado de operacións comerciais.</p> <p>58 Variación do fondo de manobra.</p> <p>59 Outros ingresos patrimoniais.</p> <p>591 Beneficios por realización de investimentos financeiros.</p> <p>592 Comisións sobre avais.</p> <p>599 Outros.</p> <p><b>CAPÍTULO VI.-ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS</b></p> <p>6 Alleamento de investimentos reais.</p> <p>60 De terreos.</p> <p>600 Venda de soares.</p> <p>00 De solo industrial.</p> <p>01 De solo residencial.</p> <p>601 Venda de predios rústicos.</p> <p>61 Dos demais investimentos reais.</p> <p>619 Venda doutros investimentos reais.</p> <p>00 Alleamento de locais comerciais.</p> <p>02 Amortización anticipada de vivendas.</p> <p>03 Alleamento de vivendas.</p> <p>05 Recadación de vivendas.</p> <p>68 Reintegro por operacións de capital.</p> <p>680 De exercicios pechados.</p> <p>681 Do exercicio corrente.</p> <p><b>CAPÍTULO VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b></p> <p>7 Transferencias de capital.</p> <p>70 Da Administración xeral e organismos públicos do Estado.</p> <p>700 Do Fondo de Compensación Interterritorial.</p> <p>700.1 Fondo de Compensación.</p> <p>700.2 Fondo complementario.</p> <p>701 Da Seguridade Social.</p> <p>702 De organismos autónomos do Estado.</p> <p>703 De empresas públicas e outros entes públicos do Estado.</p> <p>704 Subvencións finalistas da Administración xeral.</p> <p>709 Outras transferencias.</p> <p>71 Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>73 De organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>730 De organismos autónomos administrativos.</p> <p>731 De organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.</p> <p>732 De axencias públicas.</p> <p>74 De sociedades públicas e outros entes públicos da comunidade autónoma.</p> <p>740 De entes de dereito público.</p> <p>741 De sociedades mercantís da comunidade autónoma.</p> <p>742 De consorcios participados maioritariamente pola comunidade autónoma.</p> <p>743 De fundacións públicas.</p> <p>744 De universidades públicas da comunidade autónoma.</p> <p>745 Doutras entes públicos da comunidade autónoma.</p> <p>75 De comunidades autónomas.</p> <p>750 Transferencias de capital de comunidades autónomas.</p> <p>76 De corporacións locais.</p> <p>760 De concellos.</p> <p>761 De deputacións.</p> <p>769 Doutras entes locais.</p> <p>77 De empresas privadas.</p> <p>78 De familias e institucións sen fin de lucro.</p> <p>780 De familias.</p> <p>781 De institucións sen fin de lucro.</p> <p>79 Do exterior.</p> <p><b>CAPÍTULO VIII.-ACTIVOS FINANZEIROS</b></p> <p>8 Activos financeiros.</p> <p>80 Alleamento de débeda do sector público.</p> <p>800 A curto prazo.</p> <p>801 A longo prazo.</p> <p>81 Alleamento de obrigas e bonos fóra do sector público.</p> <p>810 A curto prazo.</p> <p>811 A longo prazo.</p>
---

- 82 Reintegros de préstamos concedidos ao sector público.
  - 820 A curto prazo.
  - 821 A longo prazo.
- 83 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público.
  - 830 A curto prazo.
  - 831 A longo prazo.
- 84 Devolución de depósitos e fianzas.
  - 840 Devolución de depósitos.
  - 841 Devolución de fianzas.
- 85 Alleamento de accións do sector público.
- 86 Alleamento de accións fóra do sector público.
- 87 Remanente de tesouraría.

CAPÍTULO IX.-PASIVOS FINANCEIROS

9 Pasivos financeiros.

- 94 Depósitos e fianzas recibidos.
  - 940 Depósitos recibidos.
  - 941 Fianzas recibidas.
- 95 Préstamos recibidos e emisión de débeda.
- 96 Conversión, negociación, transformación ou substitución de operacións de endebedamento.